



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PEÓNS DE OBRAS PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL-CONCELLOS 2025)

1. OBXECTO: O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de 5 peóns de obras que levarán a cabo pequenas obras, mantementos e servizos medioambientais, en virtude de subvención outorgada ao efecto pola Deputación Provincial da Coruña dentro do PEL-Concellos 2025; especialmente incidirase nas limpeza viaria, dos accesos aos núcleos de poboación e dos espazos públicos. As contratacións laborais ao abeiro desta convocatoria realizaranse na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 505). A selección farase por concurso de méritos e oposición (proba practica) entre os desempregados comunicados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, con respecto dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

2. CONDICIÓN DOS CONTRATOS. A duración dos contratos será de tres meses (3 meses), estando previsto comezar a prestación laboral previsiblemente o 1-5-2025 e rematar o 31-7-2024.

A xornada de traballo será a tempo parcial (30 horas semanais).

As retribucións totais (incluíndo prorrateo de pagas extras e outros conceptos), feitos os cálculos oportunos, serán de 1.100,00 € ao mes.

3. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES. Para poder participar no presente concurso de méritos, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- Estar inscrito como desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Ser español ou cidadán comunitario.
- Ter unha idade comprendida entre os dezaseis anos e a idade máxima de xubilación forzosa.
- Ter a categoría profesional de peón ou superior.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade e incapacidade establecidas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos traballos establecidos.
- Encontrarse nunha das situación de risco ou efectividade de exclusión laboral previstas nas bases do PEL-Concellos 2025 (BOP número 200 de data 16-10-2024, base 3.2).

4. CANDIDATOS. Remitirse unha oferta para a categoría de peón ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Tras a recepción do listado comunicado de persoas demandantes de emprego procederase ao aviso as mesmas para que poidan presentar a correspondente instancia, dentro dun prazo de 5 días hábiles; non obstante, calquera desempregado/a inscrito residente no municipio poderá presentar instancia, aínda que non sexa incluído na relación do Servizo Público de Emprego de Galicia, no prazo de 5 días hábiles dende a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica; tendo en conta a documentación presentada o tribunal cualificador realizará a valoración de méritos dos aspirantes.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

5. FASE DE CONCURSO. Baremo para a valoración de méritos.- Procederáse por parte do Tribunal a valorar os méritos alegados por cada un dos candidatos, o baremo para a avaliación é o seguinte:

1.- Cursos relacionados coa actividade a desenvolver (peóns de obras públicas). Ter participado e finalizado con aproveitamento ou de maneira favorable en programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral ou en cursos relacionados coas funcións propias dun peón de obras públicas e que sexan organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. Só se valorarán cursos ou programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral realizados a partir do 1 de xaneiro de 2020:

- Cursos de 100 horas ou máis: 0,50 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 10 a 49 horas: 0,10 puntos.

Aqueles cursos en cuxo certificado acreditativo non consten o número de horas, ou ben teñan unha duración inferior ás 10 horas, non serán obxecto de valoración.

A puntuación máxima será de 1 punto.

2.- Carnet de conducir B: **A puntuación máxima será de 1 punto.**

3.- Por experiencia laboral en postos de traballo similares (categoría de peón de servizos múltiples, peóns de obras, peóns medioambientais,...) en empresas privadas (0,10 puntos por mes) ou en Administracións Públicas (0,20 puntos por mes traballado). Só se valorará aquela experiencia laboral en postos de traballo similares con data posterior a 1 de xaneiro de 2015.

Asimesmo so se valorará aquela experiencia laboral en postos de traballo similares que se acredite mediante a presentación do correspondente contrato de traballo e a vida laboral do aspirante.

A puntuación máxima será de 6 puntos.

6.- FASE DE OPOSICION (proba práctica): Consistirá nunha única proba, de carácter práctico a realizar polos candidatos/as utilizando a ferramenta do concello propia dos postos a desempeñar, na que se valorará a aptitude para os mesmos.

Dita proba terá carácter eliminatorio. A proba será a seguinte:

1.- A proba práctica será eliminatoria e obrigatoria para os/as aspirantes, cualificándose ata un máximo de 12 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 6,00 puntos.

Os candidatos deberán acudir ás probas provistos de DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

A orde de actuación dos aspirantes será seguindo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

Os servizos sociais municipais informarán das circunstancias de risco de exclusión das persoas nas instancias presentadas.

No caso de existir empate na puntuación total, o tribunal poderá realizar unha entrevista persoal aos candidatos coa maior puntuación, na que se profundará nas situacións alegadas e valoradas; nesta entrevista poderá outorgarse ata 2 puntos.

O tribunal, que terá amplas potestades para valorar situacións de difícil xustificación documental, realizará unha proposta que inclúa aos propostos como titulares e 2 suplentes.

A proposta inicial de selección será publicada polo concello e poderá ser obxecto de reclamacións polos interesados no prazo de 3 días hábiles.

7 COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.- Tendo en conta o artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública; aos candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da Lingua Galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR. O Tribunal Cualificador para facer a valoración será o seguinte:

Presidenta: Úrsula de la Barrera Fernández (Persoal laboral fixo Concello de Irixoa)

Vogal: Juan Amado Cachaza (persoal laboral fixo Concello Vilarmaior); José Fernando Espada Orgeira (funcionario Concello de Irixoa) e Ramiro Cal López (persoal laboral fixo Concello de Irixoa)

Secretario (con voz e voto): Iván Ponte Mahía (secretario- interventor do Concello de Irixoa)

Todos os membros son funcionarios ou persoal laboral que teñen categoría profesional igual ou superior á requirida aos aspirantes.

Noméanse suplentes destes membros: María Elisa Alonso Figueroa (presidente); María Pilar Cabezal Villamar (vogal); Francisco Couceiro Faraldo (secretario).

9. NOMEAMENTO. Os candidatos propostos e preseleccionados definitivamente disporán de tres días hábiles dende a proposta de nomeamento, para completar a documentación que acredite o total cumprimento das condicións das bases e permitir a alta na seguridade social. Unha vez aportada e valorada tal documentación realizarase a selección oficial dos contratados laborais por resolución da Alcaldía.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. O contrato formalizarase no prazo máximo de tres días naturais, dende a data de publicación da resolución de selección laboral. O contrato queda sometido a un período de proba de 15 días naturais.

11. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS. De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición, segundo o disposto na Lei, mediante contacto co noso delegado de protección de datos no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

12. NORMATIVA DE APLICACIÓN. O proceso selectivo rexerese polas presentes bases e polo disposto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de Texto refundido de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do e 23 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas.

13. IMPUGNACIÓN: A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;